



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en xuño de 2023

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xuño do ano 2023 acadou a cifra de 1.067.230 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de maio de 2023 de 8.145 afiliacións (0,77%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.869.940, rexistrando un aumento do 0,26% con respecto ao pasado mes de maio.

Na comparativa interanual (xuño de 2023 con xuño de 2022) obsérvase un aumento de 18.707 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,78%) e un aumento do 2,56% (521.610 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en trece comunidades autónomas, destacando Illes Balears (3,47%); mentres que en catro comunidades autónomas baixan as afiliacións (La Rioja, Andalucía, Murcia e Navarra). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears e Canarias con taxas interanuais superiores ao 4,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.869.940	54.541	0,26	521.610	2,56
Galicia	1.067.230	8.145	0,77	18.707	1,78
Andalucía	3.356.258	-38.121	-1,12	54.950	1,66
Aragón	614.642	4.949	0,81	16.047	2,68
Asturias	380.198	2.206	0,58	5.334	1,42
Illes Balears	622.446	20.889	3,47	29.659	5,00
Canarias	879.396	657	0,07	34.735	4,11
Cantabria	231.241	2.295	1,00	4.147	1,83
Castilla La Mancha	781.573	8.577	1,11	15.641	2,04
Castilla y León	962.241	6.677	0,70	15.583	1,65
Cataluña	3.742.781	26.548	0,71	105.559	2,90
Comunitat Valenciana	2.099.889	4.948	0,24	55.121	2,70
Extremadura	415.342	2.040	0,49	2.426	0,59
Madrid	3.572.999	8.865	0,25	130.477	3,79
Murcia	650.239	-2.109	-0,32	10.938	1,71
Navarra	305.559	-971	-0,32	4.422	1,47
País Vasco	1.002.954	368	0,04	15.773	1,60
La Rioja	135.963	-1.604	-1,17	413	0,30
Ceuta e Melilla	48.990	183	0,37	1.678	3,55

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,05%, o que supón 9.247 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (1,81%), Ourense (1,33%) e Lugo (1,12%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do mes de maio, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,77%. Pontevedra presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 1,18%, seguida de Lugo (0,64%), A Coruña (0,56%) e Ourense (0,38%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	461.010	2.584	0,56	9.247	2,05
LUGO	125.650	803	0,64	1.393	1,12
OURENSE	105.763	405	0,38	1.389	1,33
PONTEVEDRA	374.808	4.354	1,18	6.678	1,81
GALICIA	1.067.230	8.145	0,77	18.707	1,78
ESPAÑA	20.869.940	54.541	0,26	521.610	2,56


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,82% das afiliacións galegas en xuño de 2023, aumentou un 0,94% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,52%. En España estas taxas foron do 0,27% con respecto a maio de 2023 e do 3,08% en relación ao mes de xuño de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,43%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Lugo (-1,84%), Ourense (-1,84%), A Coruña (-0,98%) e Pontevedra (-0,05%). A media da comunidade galega sitúase entón no -0,91%. Para este réxime e con respecto ao mes de maio de 2023, suben as catro provincias galegas; Pontevedra (0,36%), Ourense (0,15%), A Coruña (0,12%) e Lugo (0,02%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,19%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,00% e unha subida intermensual do 0,20%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xuño de 2022, baixan as afiliacións en Lugo (-0,70%), A Coruña (-0,62%) e Pontevedra (-0,48%). A taxa galega acada entón o -0,53%, inferior á de España (0,37%). Con respecto a maio de 2023, A Coruña presenta unha baixada do 0,80%, seguida de Lugo cunha baixada do 0,71% e Pontevedra cunha baixada do 0,14%. A taxa galega amosa un descenso do 0,37% con respecto a maio de 2023. A taxa nacional é do 2,42%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2023	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	461.010	0,56	2,05
LUGO	125.650	0,64	1,12
OURENSE	105.763	0,38	1,33
PONTEVEDRA	374.808	1,18	1,81
GALICIA	1.067.230	0,77	1,78
ESPAÑA	20.869.940	0,26	2,56
R. XERAL			
A CORUÑA	371.506	0,68	2,80
LUGO	92.259	0,88	2,22
OURENSE	83.059	0,45	2,23
PONTEVEDRA	294.378	1,42	2,36
GALICIA	841.201	0,94	2,52
ESPAÑA	17.451.600	0,27	3,08
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.087	0,12	-0,98
LUGO	31.932	0,02	-1,84
OURENSE	22.704	0,15	-1,84
PONTEVEDRA	67.816	0,36	-0,05
GALICIA	206.539	0,19	-0,91
ESPAÑA	3.351.381	0,20	0,00
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.417	-0,80	-0,62
LUGO	1.459	-0,71	-0,70
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.614	-0,14	-0,48
GALICIA	19.490	-0,37	-0,53
ESPAÑA	66.004	2,42	0,37

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>